



MEMORIA FINAL 2º cuadrimestre CURSO 25 /26

Materia: Ámbito Social. ESPA III
DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia
Profesora: M^a de los Ángeles Pérez Lirón

INFORMACIÓN DO SEGUIMENTO FINAL DA PROGRAMACIÓN

Curso: 3º ESPA 2º cuadrimestre AVALIACIÓN ORDINARIA	Alumnos/as matriculados: 13	Aproban: 5 (38,46%) Sobresaliente: 1 Notable: 4	Suspenden: 8 (61,53%)
Curso: 3º ESPA 2º cuadrimestre AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	Alumnos: 8	Aproban: 0 (0%)	Non presentados: 8 (100%)

Descrición do grupo: características xerais e aspecto actitudinal.

O grupo-clase era moi heteroxéneo, tanto en idade e procedencia, como académicamente. Dos trece alumnos matriculados, só asistían a clase cinco. Das oito persoas restantes, tres viñeron únicamente os primeiros días (unha xustificou o abandono por problemas familiares); o resto só acudiron o día da presentación.

Desenvolvéronse os contidos previstos na Programación?

Non todos. Os contidos tratados, de acordo coa Programación e a Guía Docente publicada na Aula Virtual, foron:

- 1.- A organización política dos Estados;
- 2.- O Antigo Réxime e a Ilustración;
- 3.- A Crise do Antigo Réxime;
- 4.- Revolucións Industriais;
- 5.- As Revolucións do século XIX e a España liberal;
- 6.- O Imperialismo e a Primeira Guerra Mundial.

A este último tema só se lle puido dedicar parte da última xornada. O último día falamos tamén dos sectores e actividades económicas; pero quedou sen tratar a *Planificación económico-financeira*.

De non ser así, indicar os cambios.

Dado que no 1º cuadrimestre, acabamos o curso co tema dedicado á *Organización Política dos Estados* e o tempo empregado resultou escaso; decidín, no 2º cuadrimestre, empezar o curso con este tema. Traballamos tamén as Comunidades Autónomas e provincias. Así coma a Unión Europea.

Xustificación deses cambios e principais dificultades detectadas.

Me pareceu importante partir desa base, que algúns alumnos non tiñan.

CATEGORÍAS E INDICADORES DE LOGRO

1- Adecuación da Programación didáctica e da súa planificación ao longo do curso académico

Como avaliación inicial, realizamos unha lluvia de ideas e respostas no grupo-clase a diversas preguntas orais plantexadas pola profesora; para poder analizar así o punto de partida de cada alumno/a. A avaliación se fixo seguindo os criterios sinalados na Programación didáctica da materia. Tamén se utilizaron distintos Instrumentos de Avaliación, como probas escritas e orais, exercicios simples ou de investigación, e exposicións orais.

Con respecto á selección e temporalización dos contidos, cómpre sinalar que non da tempo material a tratar con rigor todos os contidos; pois hai que ter en conta as características do alumnado.

Os criterios para cualificar ao alumnado:

- Probas escritas (exames) nas que o alumnado debía contestar preguntas teóricas e prácticas.
- Táboa de indicadores: actividades e exercicios variados -escritos ou orais; exposicións...

A ponderación dos exames escritos, así coma dos traballos, están recollidas no apartado 3 da Programación didáctica, correspondendo as probas escritas a un 70% da cualificación; e a táboa de indicadores, a un 30% da nota. A cualificación mínima para superar o curso é de 5 puntos.

2- Metodoloxía empregada

Tal e como sinalamos na Guía Docente, publicada na Aula Virtual: "... as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades; serán abertas á participación e promoverán actitudes de diálogo, que permitan abrir vías de relación entre persoas de procedencias diversas. Así se procurou facer, tal e como indica o Currículo: *"As actividades deberán contribuír á formación en destrezas comunicativas e cooperativas e ao reforzo da autoestima... Así como interpretar o currículo conforme á realidade do contexto educativo e ás características do alumnado, as súas experiencias e aprendizaxes previas e os seus intereses e necesidades. O fin último será facilitar a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para o desenvolvemento das competencias específicas de cada ámbito e as competencias clave do perfil de saída do alumnado ao finalizar o ensino básico"*.

3- Organización xeral da aula e aproveitamento dos recursos

Utilizáronse os recursos publicados na Aula Virtual (ficheiros en pdf, apuntamentos, esquemas, textos, mapas, vídeos, artigos de prensa, presentacións, enlaces a páxinas web...) e pequenas tarefas de indagación ou investigación, en papel, ou a través da plataforma. A profesora intentou adaptarse ao tipo de alumnado, tendo en conta a súa diversidade á hora de utilizar materiais e recursos variados, que fosen de utilidade para unha mellor comprensión dos contidos e adquisición de competencias.

4- Medidas de atención á diversidade

Procurouse, en todo momento, que as explicacións fosen axeitadas e comprensibles. Con respecto á recuperación, no caso de que algún alumno/a non acadase a nota de 5 nalgunha proba escrita; se lle permitiu volver a examinarse deses contidos. Os alumnos que non asistían ás clases, nin se presentaron ao exame final, nin á convocatoria extraordinaria.

5- Clima de traballo na aula

A atención á diversidade foi moi importante; pois había gran disparidade entre os alumnos; dous deles con déficit de atención; e unha alumna posiblemente de altas capacidades.

Actividades complementarias.

Asistencia a unha charla sobre o 25 de abril e a *"revolución dos caraveis"* no Paraninfo do Instituto.

Outras consideracións de importancia. Propostas/suxestións.

Resulta difícil traballar todos os contidos sinalados no Currículo, tendo en conta as necesidades académicas do alumnado da ESPA.